

Acta núm. 01/2022.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 18 de xaneiro de 2022.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

María Rosa Romero Fariña.
José Luis Sampedro Bouzas.
Sandy Marie Cebral Gómez.
Carlos Noya Pereira.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 18 de xaneiro de 2022, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 27/2021, DO 21.12.2021.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) CAMBIO DE TITULARIDADE DE VADO PERMANENTE
- 5º) ROGOS E PREGUNTAS

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 27/2021, DO 21.12.2021.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 21.12.2021, acta núm. 27/2021.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARMEN VILOUTA CASAL na que comunica que vai facer obras de conservación na cuberta dunha vivenda sita no lugar de Chave de Carballo nº 9, consistentes en substituír a tella vella por outra nova, sen incrementar o volume nin modificar a estrutura.

A parcela (ref. catastral 9117701NH24910001PB) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1 do PXOM. Na aldea, e nas proximidades do lugar da obra, atópase un elemento catalogado polo PXOM, concretamente un cruceiro, coa seguinte clave: XBC5, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 65,44 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 130,01 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MERCEDES MATO FREIRE, na que comunica que vai facer obras de conservación na cuberta dun alpendre sito na aldea de Moldes-Luaña, consistentes en substituír a tella en mal estado por tella nova sen incrementar o volume nin modificar a estrutura.

A parcela (ref. catastral 9431502NH1493S0001RR) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-1) do PXOM. Na aldea, e nas proximidades do lugar da obra, atópase un elemento catalogado polo PXOM, dentro do apartado de edificacións tipolóxicas inventariadas, coa seguinte clave (TEIFOR 2 / forno), e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 8,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 72,57 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SUSANA LÓPEZ MELLA, na que comunica que vai facer obras na vivenda sita na urb. Río Pego nº 3- baixo D, consistentes en substituír a caldeira de gas e abrir un oco de ventilación nun elemento común do edificio (fachada). A edificación emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3) e non se atopa dentro dun ámbito de protección, nin dentro do radio de ningún elemento catalogado, segundo a Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 44,79 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 109,36 euros.

d) Deuse conta dunha instancia asinada por MARÍA MERCEDES PAIS FREIRE, na que comunica que vai poñer tubos de formigón de 40 cms. de diámetro para facer entrada de 4 metros aproximadamente a unha parcela.

A parcela (ref. catastral 15013A018002000000UE) onde se van realizar as obras atópase emprazada dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural (zona de expansión / NRO-2), e parcialmente dentro dun ámbito de solo rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia para o solo rústico, en aplicación do disposto ó respecto pola súa Disposición Transitoria primeira letra 2.d).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 1,60 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 66,17 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para instalación de liña subterránea para dar subministro de enerxía eléctrica a unha vivenda sita en Saíme nº 28. Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha gabiá dunha lonxitude total de 84 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo, de data 09.11.2021.

A parcela á que se pretende dar o subministro de enerxía eléctrica (ref. catastral: 5027309NH2452N0001AZ) está clasificada polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para o solo de núcleo rural das áreas pouco consolidadas pola edificación (NRL-2). No presente caso estase a tramitar a concesión da licenza municipal para a construción da futura vivenda unifamiliar.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 740,71 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 148,14 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 212,71 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para instalación de liña subterránea para dar subministro de enerxía eléctrica a unha vivenda sita na rúa San Ramón nº 4A (Alqueidón). Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha gabiá dunha lonxitude total de 4 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo de data 02.09.2021.

A parcela á que se pretende dar o subministro de enerxía eléctrica (ref. catastral: 7549145NH2474N0001OJ) está clasificada polo PXOM como solo urbano consolidado (ordenanza UC2) na que se asenta unha vivenda unifamiliar de recente construción, e que a día de hoxe estase a tramitar a licenza de primeira ocupación pendente de resolver.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 106,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 10,06 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 74,63 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para instalar un interruptor reconectador telecontrolado no apoio nº 103-2 de LMTA NEG805 en liña de media tensión no lugar de Soutullos, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro industrial David Núñez Fernández, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia con data 24.09.2021.

O apoio sobre o que se vai instalar o interruptor atópase na beira dun camiño nas inmediacións da aldea de Soutullos e dentro dun ámbito de solo rústico segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 399,54 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 464,11 euros.

CUARTO.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia asinada por Ángel Gesto Castro, que di actuar en representación de JAVIER ARES GARRIDO, na que solicita o cambio de titularidade da licenza de vado permanente núm. 02/2010, sito na Avda. dos Ánxeles nº 34-D, concedida pola Xunta de Goberno Local anteriormente a nome de Lucía Barreiro Valladares.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de vado permanente núm. 02/2010 sito na Avda. dos Ánxeles nº 34-D, a nome de Javier Ares Garrido.

2º) Notificar este acordo ao interesado, e dar traslado a tesourería para ter en conta na confección do padrón fiscal.

QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,10 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González